



**MEMORIA DE XESTIÓN ANUAL
ANPA VALLE INCLÁN
CURSO 2022 - 2023**

- 1. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DA ANPA**
- 2. SERVIZO DE MAÑANCEIROS**
- 3. SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR**
- 4. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**
- 5. INICIATIVAS DA ANPA E ACTIVIDADES NO CENTRO**
- 6. CONSELLO ESCOLAR**



1. ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN DA ANPA

A Asociación de Nais e Pais Valle Inclán está formada por tódalas familias de alumnado escolarizado no CEIP Ramón María del Valle Inclán que desexan asociarse. No presente curso 2022/23 somos un total de **241 familias socias**, cun total de **304 nenos e nenas**, o que representa unha porcentaxe do **66,8 % do alumnado do centro**.

O prezo da cota para asociarse á ANPA é de 35 €/curso por familia, independentemente do número de fillos e fillas matriculados no centro.

A Xunta Directiva da ANPA está formada por un grupo de nais que traballan voluntariamente representando ó resto das familias. As tarefas e funcións na Xunta directiva están repartidas entre os cargos que son elixidos en asemblea. Na actualidade, conforman a xunta directiva as seguintes persoas:

Presidenta:	Lucía López-Prado Jiménez de Llano
Vicepresidenta:	Candela Rey Suárez
Secretaria:	Paula Agüete Rodríguez
Tesoureira:	Yolanda Díaz Goas
Vogais:	Adriana Mariño Uribe (representante da ANPA no Consello Escolar)
	Lorena Márquez Fernández
	Arantxa Fernández Carro

O CEIP pon a disposición da ANPA un local no colexio no que se centraliza a actividade. O local está no edificio de infantil, na entrada, a carón da conserxería. En horario de 13:00 a 18:00 h., unha persoa que traballa para a asociación encárgase de sacar adiante as numerosas tarefas administrativas, supervisar os servizos que presta a ANPA e prestar atención ás familias.

2. SERVIZO DE MAÑANCEIROS

A empresa contratada pola ANPA para encargarse de levar a cabo o servizo de Mañanceiros é a empresa especializada Jardanay, que proporciona a coordinación e o monitorado.

Ofrécense dúas modalidades no servizo: con almuerzo e sen almuerzo, para facilitar a conciliación ás familias.

HORARIO	07:30 a 09:00 h.
ALUMNADO INSCRITO	90 menores
MONITORADO	Unha coordinadora e dous monitores

O custo para as familias en función da modalidade escollida é o seguinte:

SERVIZO MAÑANCEIROS	PREZO SEN ALMORZO	PREZO CON ALMORZO
5 DÍAS/SEMANA	20 €/MES	35 €/MES
4 DÍAS/SEMANA	16 €/MES	29 €/MES
3 DÍAS/SEMANA	12 €/MES	22 €/MES
2 DÍAS/SEMANA	8 €/MES	14 €/MES
1 DÍA/SEMANA	4 €/MES	7,50 €/MES
ESPORÁDICO	2,5 €/MES	3 €/MES
10% DESCONTO SEGUNDO IRMÁN, E 12% 2º E 3º IRMÁN		

- Calendario: dende o primeiro día lectivo ate o último, ambos os dous incluídos.
- Inscripción: cubrindo o formulario destinado a dito servizo que está colgado na páxina web de Jardanay:

https://jardanaycomedores.es/valle-inclan/wp-login.php?redirect_to=https%3A%2F%2Fjardanaycomedores.es%2Fvalle-inclan%2F

As instrucións para facela inscrición están colgadas no apartado “Servizos” da web da ANPA Valle Inclán:

<https://anpa-valle-inclan.mozello.com/servizos/mananceirs/>

Presentouse un **novo menú para os Mañanceiros** no último trimestre, para fomentar os hábitos saudables de alimentación entre a cativada, xa que consideramos que o centro escolar debe ser un exemplo, unha referencia, e que debe participar da educación alimentaria dos menores coma parte dos aprendizaxes que se levan da escola.

CAMBIOS EN PRODUCTOS

QUÉ ENTRA

- Zumo de naranja natural (3 veces/sem)
- Cocktail de frutas
- Tomate rallado
- Aceite de oliva virgen
- Queso crema bajo en grasa
- Mermeladas sin aaa
- Cereales avena crunchy
- Cereales de maíz sin aaa
- Bizcocho casero

QUÉ SALE

- Bollería
- Cereales de maíz
- Mermelada tradicional
- Yogur natural azucarado
- Zumos de brick

CUÁNDO

Tercer trimestre de 2023

MENÚ DESAYUNOS

¡Salud y energía para empezar bien el día!

LUNES

MARTES

MIÉRCOLES

JUEVES

VIERNES LOCO

	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES LOCO
Fruta	Fruta de temporada cortada Zumo de naranja natural	Fruta de temporada cortada	Fruta de temporada cortada Zumo de naranja natural	Fruta de temporada cortada	Cocktail de frutas Zumo de naranja natural
Lácteo	Leche entera <small>AL:7</small> Yogur sabores <small>AL:7</small> Yogur natural sin edulcorar <small>AL:7</small> Cacao soluble Buencao <small>AL:7</small>	Leche entera <small>AL:7</small> Yogur sabores <small>AL:7</small> Yogur natural sin edulcorar <small>AL:7</small> Cacao soluble Buencao <small>AL:7</small>	Leche entera <small>AL:7</small> Yogur sabores <small>AL:7</small> Yogur natural sin edulcorar <small>AL:7</small> Cacao soluble Buencao <small>AL:7</small>	Leche entera <small>AL:7</small> Yogur sabores <small>AL:7</small> Yogur natural sin edulcorar <small>AL:7</small> Cacao soluble Buencao <small>AL:7</small>	Leche entera <small>AL:7</small> Yogur sabores <small>AL:7</small> Yogur natural sin edulcorar <small>AL:7</small> Cacao soluble Buencao <small>AL:7</small>
Cereal	Tostadas de barra <small>AL:1,13</small>	Tostadas de barra <small>AL:1,13</small> Cereales de maíz sin aaa <small>AL:1,7,6,8</small> Cereales de avena crunchy <small>AL:1,7,6,8</small>	Tostadas de barra <small>AL:1,13</small>	Tostadas de barra <small>AL:1,13</small>	Tostadas de barra <small>AL:1,13</small> Cereales de maíz sin aaa / avena crunchy <small>AL:1,7,6,8</small> Galletas tipo María <small>AL:1,6,7,9,13</small> <small>Último viernes de mes: bizcocho casero <small>AL:1,3,7</small></small>
Topping	Mantequilla y mermelada sin aaa <small>AL:7</small> Aceite de oliva virgen	Mantequilla y mermelada sin aaa <small>AL:7</small> Tomate natural rallado	Mantequilla y mermelada sin aaa <small>AL:7</small> Queso crema bajo en grasa <small>AL:7</small>	Mantequilla y mermelada sin aaa <small>AL:7</small> Tomate natural rallado	Mantequilla y mermelada sin aaa <small>AL:7</small> Queso crema bajo en grasa <small>AL:7</small> Tomate natural rallado <small>AL:7</small> Aceite de oliva virgen

Alérgenos: 1. Gluten 3. Huevo 4. Soja 7. Leche 8. Frutos de cáscara 9. Sulfitos 13. Sésamo



3. SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

A ANPA xestiona o comedor escolar a través de dúas entidades contratadas para ese fin: Jardanay, unha empresa especializada que presta un servizo de comida transportada, e a Asociación Deportiva Cultural As Mariñas, que proporciona o equipo de monitorado. Como novidade trala crise sanitaria este ano o servizo de Comedor Escolar volta a realizarse nunha única quenda e todo o alumnado come á mesma hora (e non en dúas quendas como sucedía o curso pasado). O horario de recollida tamén é o mesmo para todo o alumnado.

HORARIO DE RECOLLIDA	15:15 a 16:00 h.
ALUMNADO INSCRITO	224 menores
TRABALLADORES	2 auxiliares de Cociña (Jardanay), 13 monitores e unha coordinadora (ADC As Mariñas)

O custo para as familias en función dos días solicitados de servizo é o seguinte:

SERVIZO COMEDOR	PREZO
5 DÍAS/SEMANA	92,23 €/MES
4 DÍAS/SEMANA	78,17 €/MES
3 DÍAS/SEMANA	60,33 €/MES
2 DÍAS/SEMANA	41,36 €/MES
1 DÍA/SEMANA	21,25 €/MES
Prezo comedor 1 día solto sendo familia socia da ANPA: 6,10€/día	
Prezo comedor 1 día solto non sendo familia socia da ANPA: 6,90€/día	
10% DESCONTO SEGUNDO E SEGUINTE IRMÁNS	

- Calendario: dende o primeiro día lectivo ate o último, ambos os dous incluídos.
- Inscripción: cubrindo o formulario que está colgado na páxina web da ANPA Valle Inclán no apartado "Servizos":
<https://anpa-valle-inclan.mozello.com/servizos/comedor/inscripcion/>

4. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Como outros anos, a ANPA Valle Inclán deu a opción ó alumnado do centro escolar de inscribirse en actividades extraescolares durante o curso 2022/23 en horario escolar non lectivo, de 16:00 a 18:00 h. Ademais de contribuír e facilitar a conciliación familiar, é unha boa forma de que a cativada poida desfrutar do seu tempo de lecer con actividades divertidas e enriquecedoras.

As actividades extraescolares que se ofrecen actualmente no CEIP Valle Inclán son desenvolvidas pola ANPA Valle Inclán, a través de convenios firmados con distintas entidades culturais e deportivas da contorna.

- GRUPO DE BAILE E GAITAS “OS RUEIRIÑOS”: actividade de “Baile galego e pandeireta” (para educación infantil e primaria), ofrecida como **novidade** este curso.
- ESCOLA DE MÚSICA “MODUM”: actividade “Música e movemento” (para educación infantil) e actividade “Guitarra” (para educación primaria), ofrecida coma **novidade** este curso.
- CLUB BALONMANO “ATLÁNTICO”: actividade de “Balonmán” (dende 6º de educación infantil ata 6º de educación primaria).
- CLUB HÓCKEY “OLEIROS”: actividade de “Hóckey” (para educación infantil e ata 4º de educación primaria).
- ADC “AS MARIÑAS”: actividades restantes.

HORARIOS	De 16:00 a 17:00 e de 17:00 a 18:00h
ALUMNADO INSCRITO	238 menores
MONITORADO	13

PREZOS MENSUAIS POR ACTIVIDADE:

Baile galego e pandeireta:

- 15 € por actividade completa (2 días á semana)
- 7,5 € para quen queira apuntarse soamente un día da semana

Música e movemento:

- 18 € por actividade completa (2 días á semana)
- 9 € para quen queira apuntarse soamente un día da semana

Guitarra:

- 9 € (esta actividade ofértase un único día á semana)

Hockey-patines:

- 18 € por actividade completa (2 días á semana)
- 9 € para quen queira apuntarse soamente un día da semana

Balonmán:

- 9 € (esta actividade ofértase un único día á semana)

ADC As Mariñas*: 18,00 € por actividade.

* Estas actividades son: **Teatro, Xogo e Teatro, Mans Creativas, English Club, Linguaxe de Signos, Baile Urbán, Judo, Predeporte, Patinaxe, Baloncesto, Fútbol e Atletismo.**

- As segundas e seguintes actividades terán un 10% de desconto.



- Os irmáns terán tamén un 10% de desconto.

Este ano, as actividades de ADC As Mariñas teranse que pagar completas, aínda que o alumnado soamente acuda un dos días ofertados.

Estes prezos corresponden a dous días á semana por actividade.

Naquelas actividades que se ofertan un único día, o prezo será de 9 € (Baile urbán mini, English club mini e Xogo e teatro).

ESPAZOS

A ANPA Valle Inclán solicitou permiso ó CEIP para o desenvolvemento das actividades extraescolares requirindo as pistas exteriores, patios cubertos de ambos edificios do centro, pavillón municipal, sala de usos múltiples, aula de manualidades (Anexo I) e aula de informática.

Co fin de revisar a adjudicación do Pavillón Municipal do Colexio Valle Inclán de cara á tempada 2023-24 celebrouse unha reunión o 1 de xuño de 2023 entre as Concelleiras de Deportes e de Ensino, técnicos de deportes do Concello, o Equipo Directivo do CEIP e membros da xunta directiva da ANPA. Nesa xuntanza, o Concello manifestou que o número de usuarios e usuarias de clubs deportivos segue a medrar de xeito significativo, polo que a demanda de espazos de adestramento destas entidades vai en aumento e ten que buscar novas solucións. A única alternativa viable que se presentou á ANPA foi compartir o uso do pavillón durante tres días (martes, mércores e xoves) en horario de 17:00 a 18:00h. A división física da cortina da pista, así como as entradas e saídas separadas das persoas usuarias, empregando se fose preciso vallas delimitadoras, sería a forma de poder compatibilizar as actividades extraescolares da ANPA e doutros clubs alleos.

Esta medida de espazo compartido durante o curso 2023/24 propónse de forma provisional, xa que nos meses de maio ou xuño de próximo ano terá que ser revisada de novo e a intención da ANPA é recuperar o uso do pavillón en horario escolar de 16:00 a 18:00 h para o alumnado do CEIP Valle Inclán.

Coñecedora das enormes deficiencias do pavillón Valle Inclán (relacionadas coas goteiras, filtracións de auga e condensación) a ANPA trasladou a inminente necesidade de emendalas xa que imposibilitan o correcto uso do mesmo por parte do alumnado durante o horario escolar (tanto lectivo como non lectivo).

Como novidade durante o presente curso, a Concellería de Deportes autorizou o uso do pavillón para as actividades de patinaxe, que se estaban a realizar nas pistas descubertas do centro por non dispor de espazos cubertos axeitados.

CALENDARIO, HORARIO E INSCRICIÓN

- Calendario: dende o luns 12 de setembro até o último, ambos os dous incluídos.

- Inscripción: cubrindo o formulario que está colgado na páxina web da ANPA Valle Inclán no apartado "Servizos":

<https://anpa-valle-inclan.mozello.com/servizos/actividades-extraescolares/>



· O cuadrante de actividades extraescolares adáptase á demanda das familias usuarias, e varía en función do alumnado inscrito, para que poida ser viable o servizo. No primeiro trimestre realizáronse cambios con respecto á oferta inicial, dado que algunhas actividades non cumprían co ratio mínimo para levalas a cabo. Así, “Teatro” e “Mans creativas I” elimináronse, e os dous grupos de “Baile galego e pandeireta” unificáronse nun en dúas clases semanais.


EDUCACIÓN INFANTIL

	16:00 – 17:00 H.	17:00 – 18:00 H.
LUNS	HOCKEY	
	BALONMÁN (Só 6º)	
	MÚSICA E MOVEMENTO	
MARTES	PRE-DEPORTE	
	BAILE GALEGO E PANDEIRETA	
MÉRCORES	HOCKEY	
	MÚSICA E MOVEMENTO	
XOVES	PRE-DEPORTE	
	BAILE GALEGO E PANDEIRETA	
VENRES	ENGLISH CLUB MINI	XOGO E TEATRO
	BAILE URBÁN MINI	

1º, 2º e 3º EDUCACIÓN PRIMARIA

	16:00 – 17:00 H.	17:00 – 18:00 H.
LUNS	BALONMÁN (Só 1º e 2º)	HOCKEY
	LINGUAXE SIGNOS	GUIARRA I
	PATINAXE I	BALONMÁN (Só 3º)
MARTES	BAILE URBÁN	FÚTBOL I
	JUDO	
	BAILE GALEGO E PANDEIRETA	
	ENGLISH CLUB I	ATLETISMO I
MÉRCORES	LINGUAXE SIGNOS	HOCKEY
	BALONCESTO 3º	MANS CREATIVAS
	PATINAXE I	
XOVES	JUDO	FÚTBOL I
	BAILE URBÁN	ATLETISMO I
	ENGLISH CLUB I	
VENRES	BAILE GALEGO E PANDEIRETA	
	BALONCESTO 3º	XOGO E TEATRO

4º, 5º e 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

	16:00 – 17:00 H.	17:00 – 18:00 H.
LUNS	LINGUAXE SIGNOS	HOCKEY (Só 4º)
	MANS CREATIVAS	BALONMÁN
MARTES	JUDO	PATINAXE II
	ATLETISMO II	BAILE URBÁN
	FÚTBOL II	ENGLISH CLUB II
	BAILE GALEGO E PANDEIRETA	
MÉRCORES	LINGUAXE DE SIGNOS	HOCKEY (Só 4º)
	BALONCESTO	PATINAXE II
	MANS CREATIVAS	GUIARRA II
XOVES	FÚTBOL II	BAILE URBÁN
	JUDO	ENGLISH CLUB II
	ATLETISMO II	
VENRES	BAILE GALEGO E PANDEIRETA	
	BALONCESTO	XOGO E TEATRO

5. INICIATIVAS DA ANPA E ACTIVIDADES NO CENTRO

PRIMEIRO TRIMESTRE

• PROXECTO DE DOAZÓN E INTERCAMBIO DE LIBROS DA ANPA

A ANPA Valle Inclán, en colaboración co centro escolar, xestiona o banco de doazón e préstamo de libros que serve para completar a axuda da Xunta que reciben as familias. Este ano, dado que entrou o programa E-DIXGAL, os libros de texto de 5º EP xa non se prestaron e houbo un cambio editorial nos libros de 3º de EP, polo que se fixo préstamo dos correspondentes ós cursos de 4º e 6º de EP.

Os libros de 4º EP serán novos o próximo curso.

Os libros de 3º EP entraron novos este curso 2022-23, polo que a ANPA non conta con exemplares. Agardamos que haxa donacións das familias que poidan beneficiar ó alumnado que iniciará 3º no curso 2023-24.

De cara ó próximo curso, a ANPA doa ó CEIP ós libros de 6º de EP deste ano, dado que comenzarán co programa E-DIXGAL.

O número de familias beneficiadas pola xestión do banco de libros da ANPA no curso 2022-23 foi de 50 (40 familias socias da ANPA e 10 que non eran socias).

• CONCERTO DIDÁCTICO

Organizouse un o concerto didáctico no que o profesorado da escola de música “MODUM” (que imparte as actividades extraescolares de “Guitarra” e “Música e movemento”) fixo un repaso pola historia da música moderna. Grandes e pequenos tivemos a oportunidade de desfrutar en familia do ritmo e calidade musical destes profesionais do piano, o saxo e a guitarra, de forma amena e moi divertida.



· FESTA DE NADAL

A ANPA Valle Inclán, en colaboración co CEIP e o Concello de Oleiros, organizou a Festa de Nadal para toda a comunidade educativa, que se celebrou no Pavillón Municipal Valle Inclán o día 22 de decembro.

A Asociación Cultural Os Rueriños de Nós (encargada de impartir a actividade extraescolar de “Baile galego e pandeireta”) foi contratada para ofrecer unha actuación de música tradicional galega, unha foliada, con música e baile que animou a xornada festiva.

As familias de 6º de Educación Primaria encargáronse de vender “Merendiñas” e organizaron un mercado de xoguetes e libros de segunda man. A recadación serviralles para financiar a viaxe de fin de curso.

· CAMPAMENTO DE NADAL

Este ano, como novidade para as familias, a ANPA Valle Inclán deu opción durante as vacacións escolares de Nadal de poder inscribir ós seus fillos e fillas nun campamento no colexio. Contribuíu a facilitar a conciliación familiar e para a cativada foi unha oportunidade de desfrutar do seu tempo de lecer con actividades divertidas e enriquecedoras. Con este fin, a empresa seleccionada para desenrolar o campamento a través da ANPA Valle Inclán foi Serocio, que xa durante o pasado verán encargouse dos campamentos no colexio. A empresa organizadora do campamento foi a que se encargou de xestionar o servizo de comedor, a través de Jardanay (a empresa

ACHÉGATE!!!
FESTA DE NADAL

Atoparás merendiña, tenda de artigos artesanais e mercadillo de segunda man, preparado polo alumnado de sexto curso do Colexio e as súas familias e, ademais, un ambiente de ledicia, amenizado pola AA Os Rueriños de Nos.

PAVILLÓN MUNICIPAL VALLE INCLÁN
XOVES 22 DECEMBRO DE 16:00 a 19:30 h

CAMPAMENTO DE NAVIDAD
Serocio

SEMANAS DE CAMPAMENTO
SEMANA 1: DEL 26 AL 30 DE DICIEMBRE
SEMANA 2: DEL 2 AL 5 DE ENERO

HORARIO
9:00-14:00H
COMEDOR: HASTA LAS 16:00H
MADRUGADORES: DESDE LAS 7:45H

DÍAS SUELTOS
23 DE DICIEMBRE

CEIP VALLE INCLÁN

2 EXCURSIONES/ACTIVIDADES ESPECIALES POR SEMANA

¡¡INSCRÍBETE EN LA WEB DE SEROCIO
WWW.SEROCIO.COM

PRECIOS
SEMANA COMPLETA: 45€
DÍA SUELTO: 15€
NAVIDAD COMPLETA: 95€
MADRUGADORES: 4€/DÍA
COMEDOR: 6€/DÍA

DESCUENTOS
1€ SOCIOS ANPAS SEROCIO
1€ SI TRAEAS A UN AMIGO
1€ INSCRIPCIONES ANTES DEL 1 DE DICIEMBRE
1€ COMPARTIR CARTEL EN REDES SOCIALES
*ACUMULABLE SOBRE PRECIO DE SEMANAS DE CAMPAMENTO

+5€ DE SEGURO
ESTRICTO ORDEN DE INSCRIPCIÓN, LÍMITE DE PLAZAS
SE RESERVA EL DERECHO DE ADMISIÓN
DUDAS Y SUGERENCIAS: CAMPAMENTOS.SEROCIO@GMAIL.COM



que actualmente subministra a comida transportada e que coñece perfectamente as instalacións), así como a limpeza.

O campamento estivo tamén aberto a familias que non teñen fillos matriculados no CEIP Ramón María del Valle Inclán, iso si, dando prioridade ás familias socias da ANPA (con descontos) e ó alumnado do propio colexio.

As datas de celebración do campamento no CEIP Valle Inclán foron a semana do 26 ao 30 de decembro e a semana do 2 ao 5 de xaneiro. O horario do campamento foi o seguinte:

- campamento de 9:00 a 14:00 h.
- mañanceiros: 7:45 a 9:00 h.
- comedor: 14:00 a 16:00 h.

HORARIO	07:45 a 16:00 h.
ALUMNADO INSCRITO	1ª semana: 11 menores, 2ª semana: 8 menores
MONITORADO	2 monitoras

SEGUNDO TRIMESTRE

· FESTA DE ENTROIDO

A ANPA Valle Inclán, en colaboración co CEIP e o Concello de Oleiros, organizou a Festa de Entroido para toda a comunidade educativa, que se celebrou no Pavillón Municipal Valle Inclán o día 17 de febreiro.

O grupo musical **La Rue Band** foi contratado para ofrecer unha actuación de música jazz.

Organizouse un concurso de disfraces aberto a todas as familias do CEIP, e houbo premios para todos os participantes, así como mencións os mellores disfraces en categoría individual ou grupal.

As familias de 6º de Educación Primaria encargáronse de vender “Merendiñas” e organizaron un mercado de xoguetes e libros de segunda man. A recadación serviralles para financiar a viaxe de fin de curso.

· CAMPAMENTO DE ENTROIDO

Este ano a ANPA Valle Inclán formulou ó CEIP a intención de organizar un campamento durante as vacacións escolares de entroido, os días 20 e 22 de febreiro.

Sen embargo non se puido realizar no colexio por melloras previstas no centro nesas datas.

De tódolos xeitos, deuse a posibilidade de inscribir ó alumnado do centro noutros campamentos desfrutando dos mesmos descontos coma se se realizase no CEIP, facilitando a conciliación das familias.



· TALLERES DE EDUCACIÓN SEXUAL INTEGRAL PARA AS FAMILIAS, DOCENTES DO CENTRO E ALUMNADO DE PRIMARIA

Durante o segundo trimestre a **ANPA Valle Inclán** promoveu, en colaboración co **Equipo Directivo e do Departamento de Orientación do CEIP**, unha interesante iniciativa: unha serie de obradoiros sobre educación sexual integral. Celebráronse varios talleres, enfocados ás familias e docentes e para o alumnado de primaria, adaptados ás distintas idades:

-**“Educación sexual en familia”**, dirixido ás familias e ós docentes do noso colexio, que tivo lugar o xoves 23 de febreiro en horario de 18:00 a 20:00 h. e tivo unha grande acollida.

-**“Explorando nuestro cuerpo”** para alumnado de 1º e 2º de primaria, en horario lectivo acompañado dos seus titores e titoras.

-**“Explorando nuestra sexualidad”** para alumnado de 3º, 4º e 5º de primaria, en horario lectivo acompañado dos seus titores e titoras (o alumnado de 6º de EP fixo os talleres a través do CEIP no primeiro trimestre).

Os obradoiros foron impartidos pola doutora Carol Strate Pezdirc, xinecóloga e sexóloga, que xa colaborou co centro durante este curso en obradoiros dirixidos alumnado de 6º de EP durante o 1º trimestre.

A Xunta Directiva da ANPA Valle Inclán está moi agradecida ó Equipo Directivo e ó Departamento de Orientación do CEIP por impulsar este tipo de iniciativas, tan novidosas e necesarias, que ademais inclúen á totalidade da comunidade educativa: alumnado, familias e equipo docente. Tamén agradecemos ás familias e ó profesorado a súa implicación, a boa acollida do obradoiro e as mostras de agradecemento que nos foron trasladadas por promover a organización desta actividade.

Como responsables da ANPA é un compromiso traballar para contribuír a un ensino de calidade. Aportar e contribuír ó benestar das crianzas e das súas familias é un privilexio, e un obxectivo prioritario para nós, sempre da man do CEIP.

Esta colaboración co centro foi ademais unha oportunidade moi positiva para nós como familias e unha forma moi valiosa de mostrar a nosa implicación e interese nas actividades do centro, como parte da comunidade educativa.



EDUCACIÓN SEXUAL EN FAMILIA

Obradoiro de Educación Sexual Integral para familias e docentes do colexio

Impartido pola Dra. Carol Strate Pezdirc, Especialista en Xinecología e Sexoloxía

XOVES 23 de febreiro, de 18:00 a 20:00 h.

Lugar: biblioteca do CEIP Valle Inclán

ORGANIZAN:



· **SUBSCRIPCIÓN Á REVISTA PANTERA PARA A BIBLIOTECA DO CEIP**


A xunta directiva da ANPA propuxo ó equipo docente encargado da biblioteca escolar contar coa revista **Pantera** na biblioteca do noso colexio, que aceptou recibir os números da revista en formato papel e dixital, e con descargables para docentes.

PANTERA (Editorial Sabana Books) é unha revista que **cultiva o amor pola natureza, a ecoloxía e a preservación do medio ambiente**, pensada para nenos e nenas que si salvarán o planeta. É unha publicación creada para **conectar infancia, educación e natureza**. Unha revista con información amena e rigorosa, con ilustracións, fotografía e deseño gráfico de profesionais referentes, para o disfrute tanto da cativada coma dos adultos. Publícase tres veces ó ano, con números temáticos.

A ANPA Valle Inclán adquiriu este ano para a biblioteca do noso colexio a subscripción ó **PACK ESCUELA**, que inclúe descargables con actividades preparadas para aplicar na aula, **PANTERA COLAB**, que teñen como obxectivo impulsar experiencias educativas na intersección entre arte (cultura, creatividade) e a sostibilidade (medio ambiente, ciencia).

Así pois, todo o alumnado e todo o profesorado do noso colexio terán acceso a varios números. A ANPA adquiriu para a biblioteca:

- **PACK ESCUELA 2022** (números 7, 8 e 9 en papel e en formato dixital, así coma o recurso didáctico **PANTERA COLAB**)
- **PACK ESCUELA 2023** (números 10, 11 e 12 en papel e en formato dixital, así coma o recurso didáctico **PANTERA COLAB**)
- **NÚMEROS EN PAPEL 1, 2 e 6** (os números 3, 4 e 5 están esgotados en papel, aínda que contamos coas edicións dixitais da 1 á 6).



· 8 MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER



A Xunta Directiva da ANPA Valle Inclán solicitou permiso ó CEIP para decorar con carteis e adornos as entradas de ambos edificios. **Durante toda esa semana o centro estivo decorado para dar visibilidade á data do 8M, Día Internacional da Muller.**



XORNADA DIVULGATIVA “O DEPORTE NON TEN XÉNERO”

O 9 de marzo, a través da ANPA celebrouse unha interesante actividade aberta a todo o alumnado e ás súas familias, para **visibilizar a presenza de importantes mulleres nos deportes de elite**. Foi unha oportunidade para o alumnado de coñecer de primeira man o sentido da deportividade, do respecto, do esforzo e do traballo en equipo.

O acto foi presentado por Mónica Martínez, xornalista deportiva e ex-concelleira.

Contamos coas seguintes profesionais do atletismo, do rugby, do fútbol e da ximnasia, que narraron como chegaron ao deporte de elite, cada unha na súa modalidade:

- Dolores Rojas (xuíza olímpica de marcha atlética).
- Alba Martínez Medina (xogadora do CRAT de Rugby feminino de 1ª división).
- Ana Yakimenko (adestradora de ximnasia deportiva do Clube Ximnasia Coruña).
- Raquel García Yagüe (xogadora do Real Club Deportivo feminino).



Xornada divulgativa no colexio
pola celebración do Día da Muller

xoves
9
marzo

De 16:00
a 17:00 h
no pavillón
do colexio

ANPA
VALLE INCLÁN
PERILLOOLEIROS

O DEPORTE NON TEN XÉNERO



· CAMPAMENTO DE SEMANA SANTA 2023

A ANPA Valle Inclán deu opción durante as vacacións escolares de Semana Santa de inscribir ós seus fillos e fillas nun campamento no colexio.

A empresa seleccionada para desenrolar o campamento a través da ANPA Valle Inclán foi Serocio, que xa durante o pasado verán encargouse dos campamentos no colexio.

A empresa organizadora do campamento foi a que se encargou de xestionar o servizo de comedor, a través de Jardanay, así como a limpeza.

O campamento estivo tamén aberto a familias que non teñen fillos matriculados no CEIP Ramón María del Valle Inclán, iso si, dando prioridade ás familias socias da ANPA (con descontos) e ó alumnado do propio colexio.

As datas de celebración do campamento no CEIP Valle Inclán foron 3, 4, 5 e 10 de abril.

O horario do campamento foi o seguinte:

- campamento de 9:00 a 14:00 h.
- mañanceiros: 7:45 a 9:00 h.
- comedor: 14:00 a 16:00 h.

HORARIO	07:45 a 16:00 h.
ALUMNADO INSCRITO	25 menores
MONITORADO	2 monitoras

CEIP VALLE INCLÁN

DÍAS DE CAMPAMENTO:
3, 4, 5 Y 10 DE ABRIL

HORARIO:
DE 9:00 A 14:00
MADRUGADORES: DESDE LAS 7:45
COMEDOR: HASTA LAS 16:00

PRECIO:
CAMPAMENTO COMPLETO: 40€
DÍA SUELTO: 15€/DÍA
MADRUGADORES: 4 €/DÍA
COMEDOR: 6 €/DÍA
SEGURO: 5€

DESCUENTOS:
1€ POR INSCRIPCIÓN ANTES DEL 17 DE MARZO
1€ PARA SOCIOS DE ANPA O EMPRESA ASOCIADA
0'50€ POR AMIGO/HERMANO
0'50€ POR COMPARTIR EN REDES SOCIALES

2 EXCURSIONES INCLUIDAS

INSCRÍBETE EN LA WEB DE SEROCIO
WWW.SEROCIO.COM

+5€ DE SEGURO
ESTRICTO ORDEN DE INSCRIPCIÓN, LÍMITE DE PLAZAS
SE RESERVA EL DERECHO DE ADMISIÓN
DUDAS Y SUGERENCIAS: CAMPAMENTOS.SEROCIO@GMAIL.COM

SerOcio



· SOLICITUDE DE MELLORAS ANTE O CONCELLO DE OLEIROS

Por petición da Xunta Directiva da ANPA Valle Inclán, o 9 de marzo de 2023 celebrouse unha reunión no CEIP Valle Inclán, entre o **Alcalde do Concello de Oleiros, Ángel García Seoane**, a Concelleira de Ensino, María José Santos Zas, o Concelleiro de Obras Públicas, Antonio Molinos Marcote, así coma membros do Equipo Directivo do CEIP Valle Inclán e da Xunta Directiva da ANPA Valle Inclán.

Nesa reunión presentouse un informe con fotografías das principais melloras que require o noso centro. Entre elas, están:

- Substitución das estruturas de xogo na zona de infantil e na zona de primaria.
- Pavimentos en mal estado nas zonas de xogo.
- Pavimentos en mal estado nos camiños e accesos.
- Pavimentos en mal estado nas pistas polideportivas.
- Mal estado de gradas e paramentos.
- Peche perimetral do centro en mal estado.
- Chanzos do patio e do edificio de infantil en mal estado.
- Pavimentos mal conservados e esvaradíos.
- Zonas do arboredo e do xardín descoidadas.
- Limpeza da fachada.
- Frecuencia de limpeza nas papeleiras.
- Seguridade viaria na contorna do centro escolar.
- Arranxo da cuberta do pavillón municipal Valle Inclán.
- Arranxo do piso superior do comedor escolar.

Ante as necesidades do colexio expostas nesa xuntanza, os representantes do Concello manifestaron a intención de acometer numerosas melloras no centro educativo. Na devandita reunión, propuxéronse como datas factibles para realizar as diversas obras de mantemento os meses de xullo e agosto de 2023.

O presuposto e o inicio das obras xa están definidos, polo que este verán a ANPA Valle Inclán non poderá organizar o campamento de verán coma outros anos, dado que as obras levaranse a cabo nos meses de xullo e agosto e afectan a todos os espazos exteriores.

· XORNADA DE PORTAS ABERTAS

Preparouse un folleto informativo cos servizos da ANPA, que o equipo directivo do CEIP repartiu entre os asistentes.

· CURSO DE FORMACIÓN PARA AS DIRECTIVAS DAS ANPA

O 11 de marzo de 2023 representantes da directiva da ANPA Valle Inclán asistiron a este curso no Pazo de Mariñán, de carácter gratuito, organizado pola Federación Provincial de ANPAs.



· PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE OLEIROS

A xunta directiva da ANPA asistiu o 19 de abril de 2023 a unha xuntanza con representantes do Concello de Oleiros sobre o Plan de Igualdade que se quere implementar, e para o que o Concello pide colaboración de distintas asociacións.

Toda a información deste programa pódese consultar na seguinte ligazón:

<https://www.oleiros.org/documents/39407/538450/II+Plan+de+Igualdade.pdf/e8143742-a253-d5e0-63a3-4ae2161f65dd?t=1685357024376>

TERCEIRO TRIMESTRE

• EXHIBICIÓN XIMNASIA DEPORTIVA

Todo o alumnado e todas as familias puideron desfrutar dunha exhibición de ximnasia deportiva, e probar esta disciplina deportiva da man de Ana Yaquimenko, do Clube de Ximnasia Coruña.

Tivo lugar no pavillón municipal do noso Colexio, en quenda de 16:00 a 17:00 h.



• GRAN FESTA FIN DE CURSO 2022-2023

Para despedir o curso e darlle a benvinda ao verán, a ANPA celebrou unha festa para toda a comunidade educativa, na que ademais das exhibicións das actividades extraescolares, tivemos un concerto do grupo musical "The Muppets Rock Covers", e un fotomáton no que todas as familias e o alumnado puido fotografarse coas súas amizades como recordo do fin de curso.

Ademas, montamos un mural con papel kraft nunha das paredes do patio semicuberto, onde o alumnado e familiares deixaron as súas mensaxes.

As familias de 6º de Educación Primaria encargáronse de vender "Merendiñas" e organizaron un mercado de xoguetes e libros de segunda man. A recadación serviralles para financiar a viaxe de fin de curso. Tamén sorteouse unha cesta.

VENRES 16 DE XUÑO
de 16:00h. a 20:00h.

Gran Festa
Fin de Curso
2022-2023

16:00 h.
EXHIBICIÓN DO ALUMNADO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES
APERTURA DOS POSTOS DAS FAMILIAS DE 6º DE EP
- MERENDIÑAS - MERCADIÑO DE SEGUNDA MAN -
- VENTA DE RIFAS PARA O SORTEO DUNHA CESTA -


17:00 h.
CONCERTO DO GRUPO MUSICAL "THE MUPPETS ROCK COVERS"

17:00 a 19:00 h.
FOTOMATÓN

19:00 h.
"O ESCENARIO É TEU"
Gústache cantar, bailar, contar chistes, tocar un instrumento,
facer maxia ou tes calquera outra habilidade?
Súbete ó escenario da festa de fin de curso en solitario ou en grupo
e compárteo cos teus compañeiros e compañeiras, profes e familias.
Este ano, vós tedes o protagonismo! Animádevos a participar!

Organiza Colaboran

DICÍMOSLLE OLA Ó VERÁN
AGARDÁMOSVOS !!



• AGASALLOS DE GRADUACIÓN PARA O ALUMNADO DE 6º DE PRIMARIA

En nome de todas as familias do centro, a ANPA agasallou a todo o alumnado que remata este curso a súa etapa de primaria con un pequeno detalle. Entregáronse unhas mochilas de algodón o día da súa graduación, no último día de colexio, o 21 de xuño, para contribuír a que lembren con cariño ó colexio que acolleu as súas etapas de infantil e primaria e se despidan con ledicia ese día tan especial.





6. CONSELLO ESCOLAR

A ANPA Valle Inclán presentou este curso varios temas ante o Consello Escolar:

1. Informe da situación xeral da ANPA, presentado ante o consello escolar o 26/10/2022 (ANEXO I).

No inicio de curso amosou ante os socios un informe da situación da ANPA en relación a varias incidencias detectadas coa entidade adc As Mariñas que durante 15 anos desenrolou para a ANPA distintas actividades. Este informe foi presentado tamén ante o Equipo Directivo do CEIP, que o remitiu á Inspección Educativa e ante o Consello Escolar.

Na asemblea xeral onde se tratou este punto, acordouse dar uns meses á entidade ADC As Mariñas para que revisar e supervisar certos procedementos en relación á vixilancia do alumnado por parte do monitorado de ADC, que afecta directamente á seguridade dos menores dos que a ANPA é responsable en horario de comedor e extraescolares.

Sen embargo, durante todo o curso, **a ANPA volveu a recibir avisos por parte do CEIP** en relación ós servizos de ADC As Mariñas:

- reitérase o uso inadecuado do móbil por parte do monitorado de ADC no tempo de comedor e extraescolares, que xa fora notificado polo CEIP con anterioridade.
- O CEIP advirte que se está producindo o acceso indebido do alumnado ó interior dos edificios a partir das 14:00 h, algo totalmente prohibido. O profesorado chegou a atopar a unha alumna en patíns no segundo andar do edificio de primaria.
- O CEIP indica a falta de supervisión no uso dos baños do pavillón, polo que tras as actividades en horario non lectivo aparecen atascos de papel nos sanitarios e papel hixiénico nas papeleiras. O CEIP revisa o estado dos baños ás 14:00h. cando remata o horario lectivo e non rexistra ningún incidente.
- O CEIP advirte de que a norma de non xogar ó balón no patio cuberto de EP debe respectarse tamén fora do horario lectivo. Nese patio non están permitidos os xogos de balón (excepto xogar ó brilé con balón brando) para evitar roturas dos cristais e pola conservación da pintura mural.
- O CEIP lembra que o uso do corredor central do edificio de primaria, para que pase o alumnado usuario de comedor os días de choiva, debe facerse coa supervisión do monitorado e sen correr.
- O CEIP advirte que a clase de baloncesto de extraescolares non pode levarse a cabo no corredor dentro do edificio de EI, como aconteceu este curso. Se por condicións meteorolóxicas adversas non se pode levar a cabo no exterior, deberase modificar o tipo de actividade.

2. Solicitude de melloras na seguridade viaria no entorno do centro escolar.

Facéndose eco das necesidades das familias, e ante as situacións de perigo que se viven a diario ante as portas do colexio en relación ó paso dos autobuses escolares, a ANPA solicitou á **directiva do CEIP** algunha solución para mellorar a seguridade das familias



que agardan ante a porta de entrada de 2º e 3º ciclo. Así, a situación mellorou grazas á medida tomada pola directiva do CEIP de abrir a porta de entrada 5 minutos antes de que soe a música.

Neste mesmo sentido, ante o **Concello de Oleiros** solicitáronse melloras na avenida Valle Inclán (escrito presentado por rexistro o 26/11/2022), coa intención de previr situacións de risco e garantir a seguridade dos peóns e das súas familias, xa que existe un único paso de cebra fronte a unha das varias entradas no recinto; dadas as circunstancias actuais, é moi significativo o aumento do tráfico na contorna do colexio debido ás obras da Nacional-VI e o paso dos vehículos por esta vía non só é cada vez máis numeroso, senón que ademais circulan a grandes velocidades. Solicitouse maior presenza policial.

A Concellería de Obras Públicas respondeu a esta demanda anunciando que serán colocados collíns berlineses proximamente na avenida Valle Inclán.

En Perillo, a 21 de xuño de 2023
XUNTA DIRECTIVA VALLE INCLÁN



ANEXO I

Asunto: información da situación xeral da ANPA Valle Inclán

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actividade da ANPA afecta á totalidade das familias do centro escolar e ó resto da comunidade educativa. Dado que os servizos da ANPA Valle Inclán están incluídos na PXA do CEIP, están aprobados polo Consello Escolar e deben axustarse á normativa do centro, a xunta directiva en representación das familias socias informou da situación actual da ANPA ó Consello Escolar, e a través deste escrito queremos facer partícipes tamén ás familias socias.

Dende que os actuais membros da xunta directiva da ANPA Valle Inclán ocupamos os cargos como representantes das familias socias, o 25 de xuño de 2021, e coa intención de actualizar, dar legalidade e transparencia a todos os servizos e accións que desempeña a ANPA neste colexio público, comezamos unha revisión exhaustiva dos libros, dos contratos, da loxística e dos métodos de administración da asociación.

No centro existe unha relación de colaboración entre a ANPA Valle Inclán e a Asociación Deportiva Cultural (ADC) As Mariñas dende o 2010, ano da formación da ADC por iniciativa da ANPA, coa intención de que o alumnado do CEIP continuase realizando deporte unha vez que finalizara a etapa escolar e pasase ó instituto (segundo acta de asemblea 11/10/10).

Así pois, trátase dunha entidade administrativa completamente independente da ANPA, cos seus propios estatutos. ADC As Mariñas é unha asociación sen ánimo de lucro. O actual presidente da ADC foi membro da propia xunta directiva da ANPA Valle Inclán durante 13 anos. Foi durante ese período no que comezou a relación de colaboración entre a ANPA e a ADC.

Comprobamos a existencia dunha situación herdada na xestión actual da ANPA dende hai máis de 12 anos: todos os servizos para o alumnado matriculado no centro escolar fora do horario lectivo, “Mañanceiros”, “Comedor Escolar”, “Actividades Extraescolares” e “Coordinación da ANPA” eran xestionados única e exclusivamente pola ADC. Incluso ofertaba os “Campamentos de verán” para o alumnado, xa rematado o curso escolar, e as excursións de fin de curso de 6º EP.

Nos últimos meses detectamos determinadas incongruencias na xestión da ANPA que nos levaron a consultar con expertos e solicitar asesoramento. Como actuais administradores da ANPA é a nosa obriga defender os intereses da asociación e garantir que as actividades que organizamos se axustan completamente á legalidade.

Entrementres se está a reorganizar esta situación, e para evitar danos ás familias usuarias, ofreceuse á ADC subscribir un contrato con duración dende o 8 de setembro ata o 22 de decembro de 2022, para os servizos de “Monitorado de Comedor” e “Monitorado de Actividades Extraescolares”, coas **cláusulas e condicións** que os nosos asesores consideran indispensables que se inclúan **para que cumpramos coa normativa laboral, fiscal e en materia de protección de datos**.



A través deste informe, queremos deixar constancia das incidencias detectadas nos distintos servizos que se desenrolan a través da ANPA no centro escolar dende que iniciamos o noso traballo como xunta directiva:

1. MONITORADO

- Producíronse **incidentes durante a vixilancia do alumnado por parte do monitorado que proporciona ADC As Mariñas**. Moitos destes incidentes foron coñecidos *a posteriori* pola xunta directiva, que non é informada cando corresponde por parte da ADC. A gravidade dalgún deles fannos dubidar de que a vixilancia sexa a correcta.

- Temos constancia de que o monitorado de ADC emprega o **móbil** durante os servizos para poñer **música ou mostrar aplicacións que consideramos non axeitadas ós rangos de idade** dos menores. Pese ós reiterados avisos á coordinación de monitorado, faise caso omiso das nosas premisas para garantir un servizo de calidade.

No presente mes, a dirección do CEIP enviou un escrito para poñer en coñecemento da xunta directiva da ANPA as **queixas reiteradas dos mestres e mestras polo emprego indebido dos móbiles por parte do monitorado** de comedor e extraescolares, indicando que nun centro educativo non se debe dar este tipo de comportamentos. A xunta directiva advertiu de novo á ADC As Mariñas de que debe rematar definitivamente este uso irresponsable dos teléfonos cos menores.

- En numerosas ocasións a xunta directiva **solicitou á ADC que presentase a documentación pertinente para confirmar a idoneidade do monitorado (certificado negativo de antecedentes en delitos sexuais, alta na Seguridade Social, formación...)** recibindo negativas por parte do presidente da ADC alegando temas de protección de datos.

Nos actuais contratos subscritos coa ADC para este trimestre, incluímos **cláusulas para que esa documentación sexa de obrigada presentación**. O 30 de setembro presentáronse os certificados solicitados e o 18 de outubro coñecemos o nome, apelidos e formación das persoas que desempeñan as labores de monitorado no noso centro a través da ADC.

2. MAÑANCEIROS:

- **Inexistencia de contratos vinculantes** entre ADC As Mariñas e a ANPA Valle Inclán para prestar o servizo.

O curso pasado esta situación legalizouse e contratouse a unha empresa especializada, Jardanay, que dende entón xestiona de forma integral ese servizo (altas, baixas, cobros e avisos son directos entre a empresa e as familias).

3. CAMPAMENTOS DE VERÁN

- **Non temos constancia da existencia dun contrato de prestación de servizos** subscrito entre a ANPA e a ADC para o desenvolvemento desta actividade durante os anos nos que ADC As Mariñas desenrolou no centro os seus campamentos de verán.

- No verán do ano 2022 seleccionouse unha nova empresa especializada para levar a cabo esta actividade e regularizouse a vinculación contractual entre a empresa



prestadora do servizo e a ANPA. No mesmo momento en que outra empresa foi seleccionada para desenrolar o servizo, houbo un **envío masivo de correos electrónicos ás familias socias da ANPA dende a conta de correo electrónico de ADC As Mariñas**, a pesar de que no contrato de prestación de servizos firmado coa citada asociación **prohibíase expresamente o uso dos datos persoais dos socios da ANPA para fines distintos dos estipulados no contrato**, o que supón un incumprimento contractual.

Neses correos, ademais, **poñíase en dúbida a correcta xestión da asociación por parte desta xunta directiva**, permitíndose interpretar os acordos da asemblea de socios, algo que corresponde facer, única e soberanamente, á xunta directiva.

4. COORDINACIÓN ADMINISTRATIVA DA ANPA

- Nos últimos meses as queixas das familias e as notificacións de **incidencias que teñen que ver coas actividades da ADC non son reportadas á xunta directiva da ANPA**, que dese xeito descoñece a situación real dos servizos. Nesta mesma forma de proceder, as únicas queixas que chegan por esta vía en relación ó comedor escolar son as que teñen que ver coa calidade dos servizos prestados pola empresa Jardanay.

- **As actividades promovidas pola ANPA que non teñan que ver coa contratación directa de ADC As Mariñas son ignoradas** pola coordinación e na nosa opinión non son debidamente atendidas.

A coordinación debería encargarse de administrar e supervisar todos os servizos que ofrece esta ANPA, indistintamente da entidade que presta os mesmos. Entendemos que existe un conflito de intereses que pode causar este comportamento.

5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Dende comezos do verán, o Real Club de Tennis Coruña (RCTC) púxose en contacto con todas as ANPAS dos colexios de Oleiros para ofertar unha actividade totalmente de balde para o alumnado, un Campus Escolar de tenis, con fondos da Xunta de Galicia.

O contacto que lle proporcionaron ó RCTC para contactar coa ANPA Valle Inclán foi o do presidente da ADC As Mariñas, descoñecemos a orixe desa confusión.

O que si comprobamos meses despois foi que o RCTC tentou en repetidas ocasións ofertar a actividade do Campus Tennis gratuíta no noso colexio, sempre a través do responsable de ADC, quen non só non emendou a confusión senón que non proporcionou os datos de contacto correctos da ANPA. Según nos manifesta o RCTC a ADC limitouse a dar largas durante varios meses, para finalmente, rexeitar en nome da ANPA a oferta da actividade gratuíta para o CEIP Valle Inclán comentando que a ANPA non estaba interesada. Sen embargo, a ANPA non era coñecedora deste tema.

Casualmente, durante o deseño da programación das extraescolares, durante o verán, a xunta directiva da ANPA contactou co clube de tenis para interesarse en promover un convenio de colaboración para poder ofertar tenis nas extraescolares. Foi nese momento no que fomos conscientes da existencia do Campus Tennis, e de

que estiveramos a punto de perder a oportunidade de desfrutar desa actividade, pois o RCTC xa obtivera unha resposta negativa por parte do presidente de ADC.

A pesar deste impedimento, a actividade puido saír adiante gracias ó traballo da xunta directiva da ANPA que conseguiu organizar todo para ofertar en tempo e forma o Campus a todas as familias socias.

5. COMEDOR ESCOLAR

Actualmente o comedor escolar é xestionado a través de dúas entidades contratadas pola ANPA para ese fin: Jardanay, unha empresa coruñesa que presta un servizo de cociña transportada, e a ADC As Mariñas, que proporciona o equipo de monitorado.

-Solicitouse presuposto para a **xestión integral do servizo á empresa especializada Jardanay** (tal e como xa é xestionado “Mañanceiros”). Este **presuposto é substancialmente máis barato** que o que factura por este servizo ADC As Mariñas.

Este modelo de xestión ofrecería un servizo máis eficaz e cómodo para as familias e eliminaría unha grande carga administrativa para a asociación. Ademais se profesionalizaría o servizo, xa que os monitores aportados por Jardanay reciben formación especializada.

Non obstante, antes de cada asemblea onde se someteu a votación a opción de xestión integral, houbo unha **campaña previa feita polos traballadores de ADC As Mariñas, que afectou aos menores e ás súas familias, ós que se lle transmitiu a falsa información de que no caso de cambiar de empresa todo o monitorado sería despedido.**

5. ASEMBLEA XERAL DE SOCIOS

O curso pasado, antes das asembleas nas que se sometían a votación as empresas que desempeñarían os distintos servizos, presentando presuposto de tres entidades distintas, a xunta directiva sufriu unha **campaña por parte de ADC As Mariñas.**

O presidente de ADC As Mariñas chegou a celebrar **reunións a porta pechada** cos seus traballadores (os monitores do colexio) **empregando o local social da ANPA no centro escolar sen permiso** e sen permitir estar presente a algún membro da xunta directiva. Descoñecemos a finalidade desas reunións.

Somos conscientes de que durante as semanas seguintes, no período previo ás asembleas, eses monitores difundiron entre as familias a idea de que se na votación non era escollida ADC As Mariñas perderían o seu traballo. Algo totalmente incerto, dado que o Estatuto dos Traballadores garante a continuidade cando se cambia de empresa se eses traballadores están debidamente contratados.

Nesa **campaña de desinformación e manipulación** das familias, ADC As Mariñas chegou a **entregar ós menores agasallos sen o permiso** da ANPA nin do CEIP, como despedida no caso de que na asemblea a votación non fose a favor da ADC, chegándose a escoitar frases coma “un regalito porque a lo mejor el año que viene nos os vemos, si el ANPA nos echa”.

Chegamos a ser testemuñas, na entrada das asembleas, da presenza de **menores do centro pedindo o voto** “para que el ANPA no eche a los monitores”.



Houbo incluso **chamadas telefónicas** entre o presidente da ADC e membros da xunta directiva tratando de impoñer a súa forma de xestión.

6. ESTADO DE CONTAS

- Ó inicio da nosa andadura, ó revisar o libro de contas detectouse un apunte contable moi alto en relación co dominio da web e as liñas telefónicas da ANPA. Investigouse que facturas estaban detrás deste gasto.

Así, atopáronse dous cargos na conta bancaria por dúas liñas telefónicas diferentes, cando a ANPA utilizaba unha única liña de teléfono móbil. Comprobamos que o cargo da outra **liña telefónica fixa e o "router" asociado estaban a nome do presidente da ADC As Mariñas, no seu domicilio, dende o ano 2.019.**

Sen embargo **as facturas desa liña pasábanse a unha das contas bancarias das que a ANPA é titular.**

Requiriuse ó presidente de ADC para que abonase o importe das facturas que foran pagadas pola ANPA entre os anos 2.019 e 2.021 e esta situación foi regularizada.

7. INCIDENCIAS COA CORRESPONDENCIA POSTAL DE ADC AS MARIÑAS

O Equipo Directivo do CEIP Valle Inclán remitiu recentemente un escrito á directiva da ANPA informando de que estanse a recibir cartas certificadas con ADC As Mariñas como destinatario e coa dirección postal do propio colexio. Asemade, comunicou que isto leva tempo sucedendo e que non se volverá a recoller esa correspondencia. Solicitamos unha explicación sobre porque ADC As Mariñas, entidade totalmente independente da ANPA e do CEIP, emprega a dirección postal dun centro escolar público dependente da Xunta. A súa resposta foi que as explicacións serán dadas unicamente á dirección do CEIP.

POR TODO O EXPOSTO, CONSIDERAMOS

Dende que a xunta directiva comezou a revisar as inercias de administración da ANPA Valle Inclán dos últimos anos está sendo obxecto de moitas presións por parte da ADC As Mariñas, que dificultan moito a nosa labor voluntaria.

Non podemos permitir que a devandita asociación faga as actividades sen cumprir cos requisitos legais de obrigado cumprimento.

Non podemos permitir que se facturen os servizos con prezos por enriba do mercado.

Non podemos permitir que a ADC tome decisións en nome da ANPA.

Debemos trazar unha liña divisoria entre as competencias da ANPA no centro escolar e os servizos prestados pola ADC (polos cales recibe unha contraprestación económica) e que desempeñou certas funcións sen base contractual para elo.

A insistente forma de proceder da ADC para impoñer a súa xestión e prezos, sen priorizar a calidade dos servizos, estanos levando á unha situación moi delicada e insostible para a ANPA. Ante os feitos expostos, estase a producir unha perda de confianza na ADC.

A xunta directiva é única responsable da xestión da ANPA, e o noso obxectivo prioritario é dar un servizo de calidade, transparente, legal e profesional ás familias e mellorar a calidade de ensino e dos servizos para toda a comunidade educativa.



Está clara a importancia do traballo que a ANPA desenrola no centro e o seu papel como facilitadora da conciliación familiar e laboral das familias. A existencia da ANPA depende da vontade dalgunhas familias que ofrecemos o noso traballo voluntario e desinteresado.

Ante os feitos relatados, sentímonos desprotexidas, cunha grande responsabilidade e sometidas a moitísima presión innecesaria. Para nós é clave sentir o apoio non só das familias, senón tamén do resto dos membros da comunidade educativa. Todos debemos traballar na mesma dirección.

En Perillo, a 27 de novembro de 2022
XUNTA DIRECTIVA ANPA VALLE INCLÁN